

ESTATUTOS DA COMUNIDADE DE REGANTES DE QUINTÁNS

LUGAR QUINTÁNS, PAZOS– PARROQUIA DE IRIA FLAVIA –
CONCELLO DE PADRÓN (A CORUÑA). ANO 2025

ESTATUTOS DA COMUNIDADE DE REGANTES DE QUINTÁNS.

INDICE.

Contenido

INDICE.....	2
<i>TÍTULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS: DENOMINACIÓN, OBXECTO, FINALIDADE, DURACIÓN, ENDEREZO. ..</i>	<i>5</i>
Artigo 1.-DENOMINACIÓN.....	5
Artigo 2.- OBXECTO.....	5
Artigo 3.- FINALIDADE.....	5
Artigo 4.- DURACIÓN.....	6
Artigo 5.- ENDEREZO.....	6
<i>TÍTULO II.- DA ADQUISICIÓN, PERDA E TRANSMISIÓN DA CONDICIÓ DE REGADOR.....</i>	<i>7</i>
Artigo 6.- ADQUISICIÓN.....	7
Artigo 7.- PERDA.....	7
Artigo 8.- TRANSMISIÓN.....	8
<i>TÍTULO III.- DEREITOS E OBRIGACIÓNS DOS REGADORES.....</i>	<i>9</i>
Artigo 9.- DEREITOS.....	9
Artigo 10.- INDIVISIBILIDADE DE BENS.....	9
Artigo 11.-CONDUCIÓN E TRASLADO DA AUGA. CONTADORES.....	9
Artigo 12.- OBRIGACIÓNS.....	10
Artigo 13.- REPARTO EQUITATIVO DO AUGA.....	11
Artigo 14.- INSTALACIÓNS DA COMUNIDADE DE REGADORES.....	11
Artigo 15.- DANOS E AVARIÁS NAS INSTALACIÓNS.....	12
<i>TÍTULO IV.- ÓRGANOS DA COMUNIDADE.....</i>	<i>13</i>
Artigo 16.- ÓRGANOS COLEXIADOS E UNIPERSOAIS.....	13
<i>TÍTULO V.- A ASEMBLEA XERAL.....</i>	<i>14</i>
Artigo 17.- COMPOSICIÓN.....	14
Artigo 18.- FUNCIONAMENTO.....	14
Artigo 19.- COMPETENCIAS.....	14
Artigo 20.- CONVOCATORIA.....	15
Artigo 21.- ACORDOS.....	15
Artigo 22.- ASISTENCIA E REPRESENTACIÓN.....	16
Artigo 23.- LUGAR E FORMA DE CELEBRACIÓN.....	17
Artigo 24.- ACTA.....	17

<i>TÍTULO VI.- A XUNTA DE GOBERNO.</i>	18
Artigo 25.- COMPOSICIÓN.	18
Artigo 26.- CONSTITUCIÓN.	18
Artigo 27.- FACULTADES.	18
<i>TÍTULO VII.- DOS CARGOS DA COMUNIDADE.</i>	20
Artigo 28.- DO PRESIDENTE, VICEPRESIDENTE, SECRETARIO, TESOUREIRO CONTADOR E VOCAIS.	20
<i>TÍTULO VIII.- DO XURADO.</i>	22
Artigo 29.- COMPOSICIÓN.	22
Artigo 30.- COMPETENCIA.	22
Artigo 31.- PROCEDEMENTO.	22
<i>TÍTULO IX.- RÉXIME ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO: PATRIMONIO SOCIAL EXERCICIO ECONÓMICO. CONTAS ANUAIS.</i>	23
Artigo 32.- CAPITAL SOCIAL.	23
Artigo 33.- ACHEGAS ECONÓMICAS.	23
Artigo 34.- FALTA DE PAGAMENTO DE ACHEGAS.	24
Artigo 35.- RECURSOS ECONÓMICOS.	24
Artigo 36.- EXERCICIO ECONÓMICO.	24
Artigo 37.- CONTAS ANUAIS.	24
<i>TÍTULO X.- DAS INFRACCIÓNS E SANCIÓN.</i>	25
Artigo 38.- INFRACCIÓNS.	25
Artigo 39.-TIPOS DE INFRACCIÓNS.	25
Artigo 40.- AS SANCIÓN.	27
Artigo 41.-PRESCRICIÓN.	27
Artigo 42.- PROCEDEMENTO SANCIONADOR.	28
<i>TÍTULO XI.- DA COMUNIDADE EN XERAL E REFORMA DOS ESTATUTOS.</i>	29
Artigo 43.- ACORDOS.	29
Artigo 44.-EXECUTIVIDADE E RECURSOS.	29
Artigo 45.-AUXILIO, EXECUCIÓN SUBSIDIARIA E CONSTRINXIMENTO.	29
Artigo 46.-EXPROPIACIÓN FORZOSA E UTILIDADE PÚBLICA.	29
Artigo 47.-OBRAS DA ADMINISTRACIÓN E GASTOS CONSERVACIÓN.	30
Artigo 48.-REFORMA DOS ESTATUTOS.	30
Artigo 49.- MOCIÓN DE CENSURA.	30
Artigo 50.- RÉXIME ELECTORAL.	31
<i>TÍTULO XII.- DA EXTINCIÓN E LIQUIDACIÓN DA COMUNIDADE.</i>	32
Artigo 51.-CAUSAS DE EXTINCIÓN.	32
Artigo 52.- LIQUIDACIÓN.	32
DISPOSICIÓN FINAL	32

ANEXO I	33
RELACIÓN DE REGADORES QUE COMPOÑEN A COMUNIDADE DE REGANTES DE QUINTANS.....	33
ANEXO II.....	¡Error! Marcador no definido.
FIRMA DA ACTUAL XUNTA DE GOBERNO:.....	¡Error! Marcador no definido.
ANEXO III.....	¡Error! Marcador no definido.

TÍTULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS: DENOMINACIÓN, OBXECTO, FINALIDADE, DURACIÓN, ENDEREZO.

Artigo 1.-DENOMINACIÓN.

Ó amparo e de conformidade co establecido no art. 81 do Texto Refundido da Lei de Augas (TRLA) aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2001, de 20 de xullo, e o art. 203 do Real Decreto 849/86, de 11 de abril polo que se aproba o Regulamento de Dominio Público Hidráulico (RDPH), e tendo en conta as normas tanto da Lei 9/2010 de 4 de novembro, de augas de Galicia (DOG 18.11.2010) coma da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP) e da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP), constitúese a Comunidade de Regantes de Quintáns na parroquia de Iria Flavia, concello de Padrón (A Coruña), que adoptará a forma de Estatutos, someténdose os partícipes da Comunidade ás súas disposicións.

Artigo 2.- OBXECTO.

O obxecto fundamental desta Comunidade é que a mesma se constitúa en Corporación de Dereito Público con personalidade xurídica propia e sen ánimo de lucro para a representación e defensa dos intereses dos seus regadores así como para resolver as cuestións litixiosas que se susciten entre eles ou ben fronte a terceiros.

Aos efectos de garantir a observancia destes Estatutos e resolver as controversias que poidan xurdir entre os regadores, estes renuncian a favor da Comunidade a toda xurisdición ou foro que lle fora de aplicación, respectando en todo caso os seus dereitos e a normativa aplicable que exista ó respecto.

Artigo 3.- FINALIDADE.

A principal finalidade da Comunidade radica no aproveitamento **das augas** procedentes da mina captada pola Comunidade denominada “Fonte O Bosque” **e a condución ata** as parcelas dos regadores relacionados ó final destes Estatutos **para rega**.

Neste sentido a “Comunidade de Regantes de Quintáns” encamiña a súa actividade a:

- Aproveitamento racional e xusto das augas, de conformidade cos usos e costumes que ata o momento presente se veña observando.
- Promove-las medidas necesarias para a construción e conservación das instalación destinadas a este aproveitamento.
- Solicita-lo apoio financeiro (crédito e/ou subvencións) tanto de Organismos oficiais como de entidades privadas.
- Calquera outra finalidade que directa ou indirectamente relacionada co exposto non contraveña o presente Estatuto e sexa adoptada pola Xunta Xeral.

- Tratar de garantir o caudal que determine na concesión o Organismo de Conca de conformidade coas previsións contidas no vixente Plano Hidrolóxico Galicia – Costa.
- Adoptar todas as medidas que sexan necesarias para garantir a calidade da auga.
- Promove-lo uso racional da auga así como concienciar sobre a importancia da conservación dos mananciais, o seu entorno e o respecto polo medio ambiente.
- Establecer, manter e fomentar a colaboración con outras entidades de análoga natureza e finalidade.
- Defender ante os tribunais ou ante calquera ente público ou privado as accións que procedan con arranxo ás leis en beneficio do interese xeral da comunidade e dos seus membros.

Artigo 4.- DURACIÓN.

A presente Comunidade constitúese por tempo indefinido e exercerá as súas actividades en tanto en canto non se produza ou concorra unha das causas de extinción previstas no artigo 51 dos presentes Estatutos.

Artigo 5.- ENDEREZO.

O domicilio social fixarase no local social de Pazos, parroquia de Iria Flavia, concello de Padrón (A Coruña), podéndose trasladar o mesmo a outro local por acordo da Asemblea Xeral, traslado que en todo caso se comunicará ó Organismo de Conca.

TÍTULO II.- DA ADQUISICIÓN, PERDA E TRANSMISIÓN DA CONDICIÓ DE REGADOR.

Artigo 6.- ADQUISICIÓN.

A condición de regador da Comunidade adquirirase:

- Pola subscripción da acta de constitución.
- Pola adhesión e sinatura dos presentes estatutos.

A adhesión poderá ser solicitada por escrito por calquera que acredite documentalmente ser propietario dunha parcela a regar nos lugares abastecidos pola Comunidade, no lugar de Quintáns, na parroquia de Iria Flavia, concello de Padrón (A Coruña).

A petición para adhesión, farase mediante solicitude facilitada pola comunidade, ou ben por escrito dirixido ao Presidente da Xunta de Goberno, no que ademais de someterse o contido dos presentes Estatutos, regulamentos e demais disposicións xerais que sexan de aplicación as Comunidades de Regadores, deberá especificar tódolos datos relativos ao tipo de aproveitamento que se pretende facer.

A aprobación da adhesión efectuarase pola Asemblea Xeral por acordo adoptado por maioría absoluta de votos, si se celebra en primeira convocatoria, sendo suficiente a maioría dos votos dos asistentes, ou debidamente representados, si se celebra en segunda convocatoria.

Non obstante, cando a solicitude de adhesión cumpra con todos os requisitos a Xunta de Goberno poderá facilitar ó solicitante, previo pago por parte deste último da achega inicial que determinan os presentes Estatutos, un subministro provisional de auga.

O acordo de subministro provisional constará por escrito e deberá estar asinado pola Xunta de Goberno e o solicitante.

As novas incorporacións serán ratificadas na seguinte Asemblea Xeral e das mesmas se dará conta ao Organismo de Conca.

Artigo 7.- PERDA.

Perderase a condición de membro da Comunidade polas seguintes causas:

- a.- Renuncia voluntaria: Cómpre a comunicación por escrito dirixido ao Presidente da Xunta de Goberno cun (1) mes de antelación, como mínimo, a data na que se pretenda facela efectiva, ao efecto de que se poidan tomar as medidas conducentes ou levar a cabo posibles trámites administrativos e correccións nas instalacións que poidan xurdir como consecuencia de tal solicitude.
- b.- Acordo da Asemblea Xeral. Cómpre maioría de 2/3 de votos emitidos e proposta da Xunta de Goberno, e sempre por algunha das seguintes causas:

- Incumprimento reiterado das normas establecidas nos presentes Estatutos , ou dos acordos adoptados por Órganos da Comunidade que ocasionen graves prexuízos a esta.
- Comportamentos que vaian en contra dos intereses xerais da Comunidade, que perturben a boa marcha dun modo reiterado e que impidan de forma total ou parcial a súa actividade.
- Ser sancionado polo Xurado como responsable dunha infracción cualificada como moi grave.

A perda da condición de membro da Comunidade por calquera dos motivos antes expostos levará consigo a exclusión da participación do mencionado regador no patrimonio social, manténdose o deber de cumprir as obrigacións contraídas ata a data da súa baixa, en particular, a de satisfacer as achegas vencidas ata ese momento.

Artigo 8.- TRANSMISIÓN.

A condición de regador poderá transmitirse:

- Por actos inter-vivos.** Os contratos de cesión deberán ser formalizados por escrito e postos en coñecemento de Augas de Galicia e da Comunidade de Regadores ás que pertenzan, no seu caso, o cedente e cesionario, mediante o traslado da copia do contrato no prazo de quince (15) días dende a data da sinatura. O novo propietario causará alta coma comuneiro e baixa o vendedor, que perderá a condición de comuneiro.
- Por acto mortis-causa.** O/s herdeiro/s terá a obriga de comunicar por escrito á Xunta de Goberno, xunto documentación acreditativa da sucesión, o cambio de titular no uso da auga, debendo de comunicar tamén a transmisión ó Organismo de Conca.

O cambio de titularidade deberá de realizarse no prazo de seis (6) meses contados dende que aconteza o falecemento do causante, podendo non obstante solicitar unha prórroga por escrito á Xunta de Goberno ós efectos de poder aportar a documentación acreditativa da sucesión.

TÍTULO III.- DEREITOS E OBRIGACIÓNS DOS REGADORES.

Artigo 9.- DEREITOS.

Os regadores da Comunidade terán dereito a:

- Elixir e ser elixidos para exercer os cargos representativos da Comunidade.
- Asistir ás reunións da Asemblea Xeral con voz e voto, e aos demais órganos da Comunidade con voz sempre e cando sexan convocados, exercendo o dereito ao voto naqueles casos en que forme parte dos mesmos.
- Intervir na xestión administrativa e económica da Comunidade nos termos previstos nos Estatutos
- Usar os servizos de información e asesoramento que no seu caso estableza a Comunidade.
- Consultar e obter copias e certificacións do Secretario dos presentes Estatutos, así coma do contido dos Libros de Actas e demais documentación da Comunidade.
- Ser representados, de acordo co preceptuado no artigo 201.8 a) e b) do Regulamento do Dominio Público Hidráulico do 11 de abril de 1986.
- Exercer, en xeral, tódalas actividades que se deriven dos fins da presente Comunidade.

Artigo 10.- INDIVISIBILIDADE DE BENS.

Os regadores pactan a indivisibilidade dos bens comúns, durante o tempo de duración do abastecemento, e si por calquera motivo, algún dos partícipes pretendese a división ou disolución da Comunidade ou fose expulsado da mesma por incumprimento das súas obrigacións, non recibirán indemnización algunha e perderá o dereito ó uso da auga.

Quen voluntariamente, e sen causa xustificada, desexe darse de baixa na comunidade de regadores, non terá dereito á devolución das achegas monetarias efectuadas con cargo á súa condición de regador do aproveitamento para o que se constituíu a comunidade.

Artigo 11.-CONDUCCIÓN E TRASLADO DA AUGA. CONTADORES.

1. A condución para a parcela beneficiaria dá dereito ó uso da auga, de forma e coas limitacións que se establezan para todos os regadores. Esta acometida poderá trasladarse a outra parcela sempre que se corte o subministro de auga á anterior, sendo de conta do regador tódolos gastos que ocasionen e se leve a cabo de forma que non prexudique ós demais regadores.
2. Cada comuneiro terá dereito a tantas conexións da rede xeral, coma parcelas a regar, de acordo do disposto nos presentes Estatutos.

3. As conexións dende a rede xeral de distribución ata a parcela do comuneiro correrán a cargo deste, afrontando coa totalidade dos gastos que implique a mesma.
4. O mantemento das instalacións a partires da chave de paso ata a parcela serán por conta dos regadores, coidando en todo momento que o abastecemento estea operativo.
5. De conformidade co disposto no artigo 55.4º do TRLA poderase esixir a cada regador a instalación dun contador individual que se colocarán xunto a chaves de paso, de xeito que sexan accesibles dende a vía pública facilitando así a súa lectura e inspeccións sen ter que depender do regador. Os contadores deberán de cumprir coas especificacións que se determine pola Comunidade en virtude do acordo adoptado ó efecto pola Xunta de Goberno.
6. O prazo para proceder á substitución do contador no suposto de avaría será de sete (7) días contados dende que a avaría tivo lugar, podendo a Xunta de Goberno acordar a instalación dun contador provisional co obxecto de evitar o malgasto ou consumo excesivo de auga.

Artigo 12.- OBRIGACIÓNS.

Os membros da Comunidade están obrigados a:

- Cumpli-lo presente Estatuto e demais normas de xeral aplicación.
- Cumpli-los acordos validamente adoptados pola Xunta Directiva a Asemblea Xeral e Xurado.
- Desempeñar o cargo que lle encomende a Xunta de Goberno no suposto de que no se presenten candidaturas para a súa cobertura, salvo causa xustificada ou forza maior.
- Comunicar por escrito cun (1) mes de antelación, como mínimo, a súa renuncia á condición de membro da Comunidade.
- Contribuír á limpeza dos depósitos, arquetas e demais puntos das instalación, en definitiva, o traballo persoal que fose necesario en beneficio das instalacións cando así o estableza a Xunta de Goberno, procurando que estes se realicen en días e horas que menos inconvenientes ocasionen aos regadores. Se calquera regador non prestara a súa contribución física a dito traballo, terá a obrigaón de comunicalo por escrito á Xunta de Goberno, indicando as causas que motivan a súa non presentación ao traballo. No caso de que a Xunta de Goberno non recibira ningunha comunicación dará conta ó Xurado ós efectos de valorar a existencia da infracción contemplada no artigo 39 .1º, apartado i) dos presentes Estatutos.
- Utilizar a auga dun modo racional con arranxo a criterios de boa fe e respecto dos dereitos e intereses dos demais regadores.
- Contribuír coas achegas económicas que se acorden por maioría na Asemblea Xeral.
- Informar á Xunta de Goberno das deficiencias e anomalías que se observen na rede xeral de distribución.
- Manter o contador individual en bo estado así como as instalacións existentes dende a chave de paso ata a parcela.

En todo caso, ningún comuneiro poderá ser exonerado por enteiro de obrigacións e cargas inherentes á súa participación no aproveitamento colectivo de augas e nos demais elementos comúns, segundo o establecido no artigo 201.8 parágrafo e) do RDPH.

Artigo 13.- REPARTO EQUITATIVO DO AUGA.

O auga repartirase entre tódalas participacións por igual ata o límite do posible, sendo a prioridade cubrir as necesidades de cada parcela.

Se por escaseza houbera que restrinxir a cantidade de auga, a Xunta Directiva poderá establecer quendas no subministro ou límites diarios de consumo ou similares, conciliando os intereses dos diversos aproveitamentos e coidando de que a distribución se efectúe do xeito que máis conveña ós intereses comunitarios.

Os acordos da Xunta Directiva relativos a estes extremos, deben ser necesariamente comunicados por calquera medio válido en dereito a cada comuneiro e o seu incumprimento poderá ser obxecto da sanción establecida no artigo 39.1º h) dos presentes Estatutos.

A contía que se estableza por día, semana, mes, etc. non pode ser acumulativa.

O comuneiro que eventualmente prevea un consumo extraordinario, por ter que realizar unha obra ou outro motivo, poderá solicitar da Xunta Directiva os metros cúbicos que prevé necesitar, especificando a causa e as datas. A Xunta Directiva decidirá acceder ou denegar a petición, o cal comunicará por escrito, de acordo coa abundancia dos mananciais e o nivel dos depósitos. Procurarase favorecer ao petionario sen prexudicar ós demais.

O control dos contadores encargarase pola Xunta Directiva a un ou varios vocais desta para cada período, e efectuarase coa periodicidade axeitada dependendo das dispoñibilidades de caudal, a xuízo da Xunta de Goberno.

Os regadores deberán facilitar a lectura dos contadores ós vocais da Xunta de Goberno designados ao efecto ou ben á persoa física ou xurídica a quen a Xunta de Goberno lle encomende esta función. A negativa á facilitar a lectura do contador constituirá unha infracción grave tipificada no artigo 39.2º e) dos presentes Estatutos.

Artigo 14.- INSTALACIÓNS DA COMUNIDADE DE REGADORES.

Os asinantes do presente Estatuto, a fin de garanti-lo correcto aproveitamento das augas procedentes da denominada "Fonte O Bosque", "dispoñen das seguintes instalacións:

A auga recollida na mina Fonte O Bosque condúcese por gravidade a través dunha tubaxe de polietileno de 40 mm de diámetro ata o distribuidor situado no galpón que alberga os tanques de distribución. O manancial de O Bosque está escavado na ladeira e protexido por tres aneis de formigón, de 50 cm de diámetro e 50 cm de altura, e por unha sección de ladrillo con reixa de cemento de 50 cm de altura. O manancial ten unha altura total de 200 cm e unha anchura de 50 cm. Dentro do manancial, a profundidade da auga é de 70 cm. A auga recóllese directamente a través dun coador unido á tubaxe de 40 cm de diámetro, desde o que flúe por gravidade ata o galpón que alberga os tanques. Do manancial tamén

sae unha tubaxe, a 70 cm de altura desde a base. O exceso de auga flúe a través dela, desembocando no manancial a 8,3 metros de distancia. Desde alí, o exceso de auga flúe libremente cara a un rego próximo. O manancial está protexido por unha porta metálica de 40 x 60 cm con peche.

A caseta que alberga os tanques consiste nunha construción de ladrillo e bloques revestida de cemento, con estruturas de formigón armado tanto na planta inferior como no teito. Esta caseta mide 8 m de longo x 6 m de ancho x 2,2 m de alto. Dentro da caseta de almacenamento/distribución hai 31 tanques/divisións de aceiro individuais. Cada un destes tanques individuais é subministrado por un distribuidor que divide equitativamente a auga e a dirixe a cada un destes tanques. O galpón que alberga os tanques está protexido por unha porta de aceiro galvanizado de 90 x 180 cm.

Os tanques de aceiro inoxidable, pertencentes a cada usuario, están numerados e miden 150 x 60 x 128 cm cunha capacidade de 1.100 litros. O volume total almacenado por todos os tanques é de 35.200 litros, ou 35,2 m³.

O sistema de distribución está feito de aceiro inoxidable e mide 212 x 150 x 70 cm. A tubaxe de 40 mm de diámetro procedente da fonte chega aquí e divide a auga recibida en 31 partes iguais, que distribúe a través dunha tubaxe de 32 mm de diámetro a cada tanque de almacenamento individual. Despois, unha manguera de 25 mm esténdese dende cada tanque ata cada unha das parcelas dos regadores, en total 31 mangueras.

No lado norte do galpón, o exceso de auga sae a través dunha tubaxe de 50 mm de diámetro e desde alí flúe libremente augas abaixo segundo o terreo.

As coordenadas UTM Fuso 29 segundo Sistema de Referencia ETRS89, parcelas e referencias catastrais da mina e caseta de depósitos, son as seguintes:

DESCRICIÓN	COORDENADA X	COORDENADA Y	REFERENCIA CATASTRAL
Mina Fonte O Bosque	529155,56	4734759,07	15066A027000020000ZA
Caseta cos depósitos de distribución	528599,19	4734240,89	15066A053001120000ZA e 15066A053001130000ZB

Artigo 15.- DANOS E AVARÍAS NAS INSTALACIÓNS.

O que por acción ou omisión intervindo culpa ou neglixencia cause danos nos bens comúns da Comunidade queda obrigado a reparalos, afrontando en todo caso os gastos que se ocasionen e con independencia das infraccións e sancións que se poidan imputar e impoñer respectivamente de conformidade co previsto nos presentes Estatutos.

As avarías que polo uso se produzan nas captacións, conducións, arquetas de reparto e demais bens comunitarios repararanse a conta dos fondos da Comunidade, quedando non obstante os comuneiros obrigados a contribuír a estes gastos cando se acaben tales fondos.

TÍTULO IV.- ÓRGANOS DA COMUNIDADE.

Artigo 16.- ÓRGANOS COLEXIADOS E UNIPERSOAIS.

Para a súa representación, goberno e administración, a Comunidade contará cos seguintes órganos:

Órganos colexiados:

- A)- Asemblea Xeral.
- B)- Xunta de Goberno.
- C)- O Xurado.

Órganos unipersoais:

- A)- Presidente.
- B)- Vicepresidente.
- C)- Secretario.
- D)- Tesoureiro- Contador.
- E)- Vocais da Xunta de Goberno.

Para o desempeño de tales cargos deberánse reunir os seguintes requisitos:

- Ser partícipe da Comunidade.
- Ter plena capacidade xurídica e de obrar.

TÍTULO V.- A ASEMBLEA XERAL.

Artigo 17.- COMPOSICIÓN.

Constitúe o órgano soberano da Comunidade e estará composta pola totalidade dos regadores. Ata a súa constitución creárase unha comisión xestora composta por seis (6) veciños coa finalidade de xestionar a Comunidade ata que non estean constituídos todos os órganos da mesma.

Artigo 18.- FUNCIONAMENTO.

A Asemblea Xeral reúnese con carácter ordinario e extraordinario.

Con carácter ordinario reunírase cando menos unha vez ó ano dentro dos seis (6) primeiros meses de cada exercicio, previa oportuna convocatoria para tratar da análise da marcha da Comunidade e a xestión da Xunta Directiva, aprobar as contas e balance do exercicio anterior, pronunciarse sobre as novas incorporacións realizadas e resolver, no seu caso, sobre os fins aos que se aplicarán os fondos sociais.

Toda asemblea que non sexa a prevista anteriormente terá o carácter de extraordinaria e celebrárase cando o acorde a Xunta de Goberno, o pida a maioría de votos da Comunidade ou o determinen os presentes Estatutos.

Na Asemblea Xeral non poderá tratarse ningún asunto que non se inclúa previamente na orde do día.

Artigo 19.- COMPETENCIAS.

Será competencia da Asemblea Xeral:

- A elección do Presidente, Vicepresidente da Comunidade de Regadores, do Secretario e Vocais, titulares e suplentes da Xunta de Goberno, a do Vocal ou Vocais que, se é o caso, haberán de representar na Comunidade Xeral ou Xunta Central, a dos seus representantes no Organismo de conca respectivo, e outros Organismos.

O Presidente, Vicepresidente, e Secretario da Comunidade serao tamén da Xunta de Goberno.

- A elección do Xurado á proposta da Xunta de Goberno.
- Elixir entre os vocais a catro (4) para formar parte do Xurado.
- A redacción dos proxectos de Estatutos da Comunidade e Regulamentos da Xunta de Goberno e do Xurado, así como as súas modificacións respectivas.
- O exame da memoria anual e a aprobación dos orzamentos de gastos e ingresos e o das contas anuais, presentados pola Xunta de Goberno.
- A imposición de derramas e a aprobación dos Orzamentos adicionais.
- A adquisición e alleamento de bens, sen prexuízo das facultades que, neste aspecto, competen a Xunta de Goberno.

- A aprobación dos proxectos de obra preparados pola Xunta de Goberno e a decisión da súa execución.
- A autorización previa, sen prexuízo da que corresponde outorgar ó Organismo de conca, a regadores ou terceiras persoas para realizar obras nas captacións, conducións ou instalación da Comunidade co fin de utilizar mellor a auga.
- A solicitude de novas autorizacións ou concesións.
- A solicitude de beneficios económicos, créditos ou subvencións, da expropiación forzosa ou a imposición de servidumes en beneficio da Comunidade.
- A decisión de trasladar o domicilio social.
- A decisión de asuntos que lle sometese a Xunta de Goberno, o Xurado, ou calquera dos comuneiros.
- Calquera outra facultade non atribuída especificamente a outro órgano.

Artigo 20.- CONVOCATORIA.

A convocatoria farase polo Presidente da Comunidade, cando menos, con 15 días de antelación, mediante edictos municipais e anuncios na sede da Comunidade e no Diario Oficial de Galicia, indicando claramente os asuntos a tratar na Orde do Día, a previsión de celebración dunha segunda convocatoria para o caso de falta de quórum, así como o lugar, día e hora de celebración.

Nos supostos de reforma de Estatutos e Ordenanzas ou de asuntos que, a xuízo da Xunta de Goberno, poidan comprometer a existencia da Comunidade ou afectar gravemente os seus intereses, a convocatoria terá ademais a adecuada publicidade mediante notificación persoal por calquera medio válido en dereito, ou anuncios nos diarios de maior difusión na zona.

Como regra xeral, entenderase validamente constituída a Asemblea Xeral en primeira convocatoria cando asista a maioría dos regadores, a salvo do disposto nos presentes Estatutos sobre a adopción de determinados acordos. En segunda convocatoria será bastante a presenza dun número de comuneiros que supoña cando menos 1/3 do total de membros da comunidade.

Do mesmo xeito quedará validamente constituída cando estean presentes ou representados tódolos membros da Comunidade e os asistentes acepten por unanimidade a celebración da Asemblea.

Artigo 21.- ACORDOS.

A Asemblea Xeral adoptará os acordos por maioría absoluta de votos, si se celebra en primeira convocatoria, sendo suficiente a maioría dos votos dos asistentes, ou debidamente representados, si se celebra en segunda convocatoria.

Exceptúanse da regra anterior os acordos adoptados en Asembleas Xerais onde se trate de:

- a. Disolución, transformación, absorción ou fusión da Comunidade.
- b. Modificación ou reforma dos Estatutos.
- c. Aprobación de obras por un importe superior a 1.000 €.
- d. Acordos sobre situacións extraordinarias por continxencias alleas.
- e. En xeral, calquera modificación da presente Comunidade.

Nestes casos será precisa a concorrencia en primeira convocatoria dos 2/3 dos regadores da Comunidade, debendo adoptarse os acordos por maioría absoluta. En segunda convocatoria será precisa a asistencia da maioría dos comuneiros e o voto favorable da maioría absoluta dos mesmos.

De non conseguiren quórum de asistencia, deberase repetir a convocatoria de Asemblea Xeral polo procedemento indicado con anterioridade. De seguiren sen quórum, aparte das medidas que lle corresponda tomar á Xunta Directiva e Xurado de acordo cos presentes Estatutos, solicitarase o auxilio do Organismo de Conca (artigo 209.2º do RDPH) ós efectos garantir a celebración da Asemblea así como a validez dos acordos que nela se adopten.

O voto será a mano alzada agás que soliciten o voto secreto cando menos 1/3 dos asistentes á Asemblea.

Serán nulos en todo caso os acordos adoptados sobre temas non incluídos na orde do día.

Artigo 22.- ASISTENCIA E REPRESENTACIÓN.

Todos os regadores da Comunidade terán dereito a participar no funcionamento da Comunidade e a ser elixidos para desempeñar calquera cargo, ben directamente ou ben a través dos seus representantes legais.

A representación voluntaria deberá ser conferida por escrito. Agás limitación en contra establecida ó outorgarlle a representación o representante considerárase facultado para participar na adopción da calquera acordo da Comunidade. En ningún caso o representante poderá substituír ó representado no desempeño dun cargo nin tampouco ser elixido para ocupalo.

Tódolos regadores terán dereito a voto, correspondendo un voto por toma da Comunidade, sen que a ningún poida corresponderlle máis do 50% do conxunto dos comuneiros calquera que sexa a súa participación nos elementos comúns e gastos da Comunidade.

Os regadores que na data da Asemblea non estean ó corrente do pago das achegas da Comunidade ou teñan algunha débeda pendente con esta non poderán exercer o seu dereito a voto ata que no regularicen a súa situación.

Ningún comuneiro poderá ser exonerado por enteiro das obrigas e cargas inherentes a súa participación no aproveitamento colectivo de augas e nos demais elementos comúns. Tampouco poderán establecerse pactos ou cláusulas estatutarias prohibitivas da realización das derramas necesarias para subverter os gastos da comunidade e o cumprimento das demais obrigas da mesma, ou polos que se exima de responsabilidade ós cargos da Comunidade.

Artigo 23.- LUGAR E FORMA DE CELEBRACIÓN.

A Asemblea Xeral celebrarase dentro do seu ámbito territorial, fixándose en cada convocatoria o lugar exacto de celebración que será acordado pola Xunta de Goberno.

O desenvolvemento das deliberacións, uso da palabra, sistema de votación e calquera outra incidencia resolverase polo Presidente da Comunidade.

Artigo 24.- ACTA.

Do resultado das Asembleas redactarase unha acta que se estenderá no libro correspondente no mesmo momento da celebración, polo Secretario, e deberá ser subscria polos membros da Xunta de Goberno para dar fe da súa veracidade, podendo calquera dos regadores solicitar a súa lectura en voz alta ou proceder persoalmente á mencionada lectura.

Do mesmo xeito, os regadores teñen dereito a solicitar por escrito certificacións das actas e demais documentación da Comunidade ao Secretario, que deberá facilitalas nun prazo non superior a quince (15) días dende a recepción da solicitude.

TÍTULO VI.- A XUNTA DE GOBERNO.

Artigo 25.- COMPOSICIÓN.

A Xunta de Goberno, nomeada pola Asemblea Xeral, comporase por un mínimo de seis (6) membros, comprendendo entre eles, un Presidente, un Vicepresidente, un Secretario e un Tesoureiro– Contador.

Os demais membros serán vocais, entre os que figurarán a representación dos regadores que pola súa situación ou orde establecida sexan os últimos en recibir o auga (artigo 219.2º do RDPH).

O Presidente, Vicepresidente, e Secretario da Comunidade serano tamén da Xunta de Goberno.

Artigo 26.- CONSTITUCIÓN.

A Xunta de Goberno entenderase validamente constituída cando concorran á reunión a metade máis un dos comparecentes, debendo asistir obrigatoriamente o Presidente e o Secretario. Ó Presidente poderá substituílo o Vicepresidente.

Os acordos adoptaranse por maioría absoluta dos membros que concorran á reunión, sendo a votación por escrito, agás petición en contra de 2 ou máis membros da Xunta de Goberno.

A efectos de quórum poderá delegarse a representación noutro membro, pero terá que ser por escrito e con carácter especial para cada reunión.

A Xunta de Goberno reunirse polo menos cinco (5) veces ó ano, cando o convoque o Presidente ou o soliciten 2 ou máis membros.

A delegación permanente de facultades da Xunta de Goberno requirirá para a súa validez o voto favorable das 2/3 partes dos seus compoñentes. Deste acordo de delegación darase coñecemento ós regadores na primeira Xunta Xeral que se celebre así como ó Organismo de conca respectivo.

Do resultado das deliberacións da Xunta de Goberno o Secretario redactará un acta que será subscribida polos membros da dita Xunta, podendo calquera deles solicitar a súa lectura en voz alta ou ben lela persoalmente. A acta será recollida no libro de rexistro correspondente.

Artigo 27.- FACULTADES.

Son atribucións da Xunta de Goberno:

- a. Velar polos intereses da Comunidade, promover o seu desenvolvemento e defender os seus dereitos.
- b. Elixir entre os vocais ó Presidente do Xurado e ó Tesoureiro – Contador.
- c. Nomear e separar os empregados da Comunidade na forma que estableza o seu Regulamento e a lexislación laboral.

- d. Redactar a memoria, elaborar os presupostos, propoñe-las derramas ordinarias e extraordinarias e render as contas, sometendo unhas e outras á Asemblea Xeral.
- e. Ordenar a inversión de fondos con suxeición ós presupostos.
- f. Formar o inventario da propiedade da Comunidade, cos padróns xerais, planos e relacións de bens.
- g. Presentar á Xunta Xeral a lista dos Vocais da Xunta de Goberno e do Xurado que deban cesar nos seus cargos de acordo cos Estatutos.
- h. Acordar a celebración de Asemblea Xeral Extraordinaria da Comunidade cando o estime conveniente.
- i. Someter á Asemblea Xeral calquera asunto que estime de interese.
- j. Dispor a redacción dos proxectos de reparación ou de conservación que xulgue conveniente e ocuparse da dirección e inspección das mesmas.
- k. Conservar os sistemas de modulación e reparto das augas.
- l. Ordenar a redacción dos proxectos de obras novas, encargándose da súa execución unha vez que fosen aprobados pola Asemblea Xeral. En casos extraordinarios e de extrema urxencia que non permitan reunir á Asemblea Xeral, poderá acordar e emprender, baixo a súa responsabilidade a execución dunha obra nova, convocando o antes posible a Asemblea para darlle conta do seu acordo.
- m. Ditar as disposicións convenientes para mellorar a utilización das augas, respectando os dereitos adquiridos.
- n. Facer que se cumpra a Lexislación de augas, as Ordenanzas da Comunidade e os seus regulamentos e as ordes que lle comunique o Organismo de Conca, solicitando o seu auxilio en defensa dos intereses da Comunidade.
- o. Propoñer á aprobación da Asemblea Xeral as disposicións do Estatuto así como a súa modificación e reforma.
- p. Cantas outras facultades lle delegue a Asemblea Xeral ou se infiran deste Estatuto e das disposicións vixentes e, en xeral, canto fose conveniente para o bo goberno e administración da Comunidade.

TÍTULO VII.- DOS CARGOS DA COMUNIDADE.

Artigo 28.- DO PRESIDENTE, VICEPRESIDENTE, SECRETARIO, TESOUREIRO CONTADOR E VOCAIS.

1. O Presidente é o representante legal da Comunidade. Son funcións específicas do Presidente:
 - a.- Convocar, presidir e dirixir as Asembleas Xerais e Xuntas de Goberno.
 - b.- Autorizar as actas e acordos da Asemblea, validando co seu “visto e prace”, as certificacións que o Secretario expida, así como asinar e expedir os libramentos de tesourería.
 - c.- Actuar en nome e representación da Comunidade de acordo coas disposicións ao respecto.
 - d.- Calquera outra facultade que lle veña atribuída polas disposicións legais e polos Estatutos da Comunidade.

O voto do Presidente será de calidade a efectos de dirimir os posibles empates.

A duración do cargo será de catro (4) anos, podendo no seu caso ser reelixido sen límite de mandatos.

2. O Vicepresidente da Comunidade será o encargado de realizar as funcións do Presidente nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, ostentando a representación da Comunidade nestes casos. Asemade, realizará as encargas que lle encomende o Presidente, a Asemblea ou a Xunta de Goberno por escrito.

A duración do cargo, para o primeiro mandato, a partir da constitución da Comunidade, fíxase por tres (3) anos, coa finalidade de que os postos de Presidente e Vicepresidente non se renoven ó mesmo tempo (art. 217.1 do RDPH). Posteriormente os mandatos serán de 4 anos. O Vicepresidente poderá no seu caso ser reelixido sen límite de mandatos.

3. O Secretario da Comunidade exercerá as facultades e dilixencias que lle sinalen este Estatuto, os Regulamentos ou a Asemblea Xeral.

En particular encargarase de:

- a.- Estender e anotar nun libro foliado, debidamente dilixenciado e rubricado polo Presidente, as actas e acordos adoptados pola Asemblea Xeral, coa súa sinatura e a do Presidente.
- b.- Expedir certificacións co visto e prace do Presidente.
- c.- Conservar e custodiar os libros e demais documentos da Comunidade.
- d.- Executar calquera outro traballo propio do seu cargo e os que lle poida encomendar a Asemblea Xeral, a Xunta de Goberno ou o seu Presidente.

A duración do cargo se establece por un período de catro (4) anos, podendo ser reelixido sen límite de mandatos.

4.- O Tesoureiro – Contador levará a custodia dos fondos sociais da Comunidade, debendo de levar un libro de gastos e ingresos que deberá ser presentado ante a Xunta de Goberno cando sexa requirido por esta aos efectos de comprobar o estado de contas. Asemade deberá levar a cabo todos aqueles traballos propios do seu cargo e os que no seu caso lle encomende a Asemblea Xeral, Xunta de Goberno ou o seu Presidente por escrito.

A duración do cargo se establece por un período de catro (4) anos, podendo ser reelixido sen límite de mandatos.

5.- Os Vocais desempeñarán as funcións que lle encomenden a Asemblea Xeral, Xunta de Goberno ou o Presidente por escrito. O cargo terá unha duración de catro (4) anos, sen límite de mandatos.

TÍTULO VIII.- DO XURADO.

Artigo 29.- COMPOSICIÓN.

O Xurado estará composto por un Presidente, que será un dos vocais da Xunta de Goberno, e designado por esta, e por un máximo de **catro (4) vocais** que elixirá a Asemblea Xeral. Actuará como secretario o que o sexa da Xunta de Goberno ou o que se designe nos Estatutos.

O Presidente convocará as sesións do Xurado que se celebrarán a iniciativa de el mesmo, por denuncia, ou por solicitude da maioría dos vocais.

A duración no cargo de xurado será de **4** anos, podendo no seu caso ser reelixido sen límite de mandatos.

Artigo 30.- COMPETENCIA.

Ó Xurado correspóndelle coñecer as cuestións de feito que se susciten entre os regadores da Comunidade, no ámbito dos Estatutos, e impoñer ós infractores as sancións regulamentarias, así como fixar as indemnizacións que deban satisfacer ós prexudicados e as obrigacións de facer que poidan derivarse da infracción cometida (artigo 84.6 do TRLA).

Artigo 31.- PROCEDEMENTO.

- Os procedementos do Xurado serán públicos e verbais e os seus acordos, que serán executivos, consignaranse por escrito con expresión dos feitos e das disposicións das Ordenanzas en que se funden, así como da contía da sanción, da indemnización, e dos custos no seu caso.
- Adoptará os seus acordos e ditará os fallos por maioría absoluta, sendo necesario para a súa validez a concorrencia da maioría dos membros.
- As sancións que impoña o Xurado serán pecuniarias, e o seu importe en ningún caso excederá do límite que o Código Penal establece como achega diaria máxima a impoñer como pena de multa ás persoas físicas. O importe de ditas sancións reverterá aos fondos da Comunidade.
- Os acordos do Xurado deberán ser notificados persoalmente aos afectados, indicando, feitos sancionados, infracción cometida, sanción aplicable, prazo para ingresar o seu importe e recursos procedentes contra os ditos acordos.
- No caso de infraccións por faltas moi graves, o acordo do Xurado deberá adoptarse necesariamente coa audiencia previa do/s afectado/s.
- As resolucións do Xurado soamente son revisables en reposición ante o propio Xurado como requisito previo ó recurso contencioso - administrativo (artigos 123 e 124 da LPACAP e artigo 227 do RDPH).

TÍTULO IX.- RÉXIME ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO: PATRIMONIO SOCIAL EXERCICIO ECONÓMICO. CONTAS ANUAIS.

Artigo 32.- CAPITAL SOCIAL.

O capital social estará integrado polo seguinte:

- a.- Achegas dos regadores, xa aportadas.
- b.- O valor das instalacións, captacións, conducións, pezas de reposto, ferramentas, etc.
- c.- Subvencións que se obteñan do Estado ou Comunidade Autónoma, provincia, concello ou doutros organismos públicos ou privados.
- d.- Créditos que se obteñan de Entidades públicas ou privadas.
- e.- As multas que poida impoñer o Xurado polas posibles infraccións que cometan.
- f.- En xeral, todo o que fose adquirido ou se adquira con bens ou fondos da Comunidade.

Artigo 33.- ACHEGAS ECONÓMICAS.

As achegas económicas están constituídas polo seguinte:

- 1.- Achega inicial, entendendo por tal a que debe ser aboada para poder ingresar na Comunidade e obter a condición de regador. Dita achega queda fixada na contía de 5.000 euros resultante de dividir entre cada un dos regadores iniciais o presuposto relativo ao custo das obras levadas a cabo para realizar as captacións e instalacións da Comunidade.

Esta achega deberá abonarse no suposto de subministro provisional no xeito establecido no artigo 6 dos presentes Estatutos e no resto dos casos no prazo dos dez (10) días seguintes ó acordo de admisión do novo regador adoptado pola Asemblea Xeral.

O non abono da cota inicial nos termos sinalados implicará a desestimación da solicitude de ingreso na Comunidade.

- 2.- Achega anual, cun importe de 50 € que deberá de ser abonada por cada regador en xaneiro da cada ano. A contía desta achega poderá ser modificada mediante acordo da Asemblea Xeral por maioría absoluta.
- 3.- Achegas de carácter extraordinario que se acorden en Asemblea que deberán de ser abonadas no prazo que se estableza no dito acordo.

Tanto a achega inicial como a anual serán incrementadas de conformidade co índice de prezos ó consumo (IPC) que anualmente publique o Instituto Nacional de Estatística.

O non aboamento das achegas se terá en conta ós efectos de poder incluír o dito incumprimento dentro das causas que determina o art. 7 dos presentes Estatutos para, previo acordo da Xunta Xeral, poder declarar ó regador infractor excluído da Comunidade.

Artigo 34.- FALTA DE PAGAMENTO DE ACHEGAS.

O regador da comunidade que non efectúe o pago das achegas que lle correspondan nos termos establecidos nos Estatutos, satisfará un recargo do 10% sobre a achega que tivese que efectuar, por cada mes que deixe transcorrer sen realiza-lo pagamento.

Transcorridos tres meses consecutivos sen efectuar o pago poderase efectuar o cobro pola vía de constrinximento, sendo de conta do moroso os gastos e prexuízos que se irroguen por dita causa, así como, con audiencia do afectado en todo caso, prohibir o uso do auga mentres non se satisfagan (art. 212 RDPH).

Artigo 35.- RECURSOS ECONÓMICOS.

A comunidade terá plena autonomía para a administración dos seus propios recursos, de conformidade coa lexislación vixente en cada momento.

A responsabilidade económica concretarase ó seu patrimonio social. Os seus recursos aplicaranse ós fins e actividades que lle son propios.

Artigo 36.- EXERCICIO ECONÓMICO.

O exercicio económico comezará o 1 de xaneiro e transcorrerá ata o 31 de decembro de cada ano, é dicir, fixarase por anos naturais, a excepción do primeiro exercicio, no que o exercicio económico comezará no momento en que se considere constituída plenamente a Comunidade.

Artigo 37.- CONTAS ANUAIS.

Con referencia ó último día de cada exercicio económico, dentro dos catro (4) primeiros meses do ano seguinte, a Xunta de Goberno analizará as contas de ingresos e gastos para a súa presentación e aprobación, se procede, pola Asemblea Xeral.

TÍTULO X.- DAS INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

Artigo 38.- INFRACCIÓN.

As infraccións as presente Estatutos que poidan cometer os regadores da Comunidade de Regantes de Quintáns, terán o carácter de leves, graves, e moi graves, atendendo á súa repercusión no aproveitamento das augas, á súa transcendencia polo que respecta á seguridade das persoas e bens e ás circunstancias do responsable, o seu grao de malicia ou reincidencia, participación e beneficio obtido así como ao deterioro producido en calidade do acuífero ou instalacións.

Só poderán ser obxecto de sanción as infraccións tipificadas como tales nestes Estatutos, a falta de tipicidade nunha conduta convérteas en non sancionable (artigo 27 da LRJSP).

Artigo 39.-TIPOS DE INFRACCIÓN.

1.- Considéranse infraccións leves:

- a.- Causar danos nos bens da Comunidade de Regantes de Quintáns ou nos elementos das instalacións en contía non superior a cento cincuenta euros con vinte cinco céntimos (150,25 €).
- b.- A execución sen a debida autorización de obras, traballos ou cambios nos mananciais ou na rede de distribución de augas.
- c.- Non manter o contador individual en bo estado.
- d.- Non comunicar á Comunidade as fugas de auga na rede de condución ou distribución ou manter en mal estado as instalacións que estean a cargo de cada regador.
- e.- Non ingresar na conta da Comunidade nos prazos previstos as cantidades correspondentes ás derramas, as acordadas con carácter obrigatorio pola Asemblea Xeral, as compensatorias por falta inxustificada de achega de traballo persoal ou as correspondentes a calquera sanción pecuniaria, así como as indemnizacións e costas no seu caso.
- f.- Impedir ou entorpecer a equitativa distribución ou o abastecemento de auga entre tódolos comuneiros.
- g.- Pactar repartas de auga non establecidos regulamentariamente aínda cando estes non excedan a dispoñibilidade que no seu conxunto lles corresponda legalmente.
- h.- Aproveitar para o seu beneficio máis cantidade de auga que aquela que pola súa quenda lle corresponda, ou por estar limitado o consumo en períodos de restrición.
- i.- Non colaborar nos traballos necesarios para o mantemento das instalacións cando sexan convocados pola Xunta Directiva.
- j.- Exercer os cargos para os que foron elixidos sen a debida dilixencia.

- k.- A non asistencia inxustificada, persoalmente ou baixo representación, a dúas (2) reunións de Xunta Directiva (sendo membro de esta) ou a dúas (2) Asembleas Xerais.

2.- Considéranse infraccións graves:

- a.- Causar danos nos bens da Comunidade de Regantes de Quintáns ou nos elementos das instalacións en contía comprendida entre cento cincuenta euros con vinte seis céntimos (150,26 €) e seiscientos un euros cun céntimo (601,01 €).
- b.- A execución sen a debida autorización de obras, traballos ou cambios nos mananciais ou na rede de distribución de augas en contía comprendida entre cento cincuenta euros con vinte seis céntimos (150,26 €) e seiscientos un euros cun céntimo (601,01 €).
- c.- Opoñerse a que a condución da auga pase pola finca dalgún dos regadores ou esixir a cambio compensacións ou dereitos se afecta ao ben común.
- d.- Negarse a ser membro da Xunta de Goberno da Comunidade, agás causa xustificada ou forza maior.
- e.- Non permitir a lectura do contador así como a súa rotura, manipulación o cambio sen previa comunicación á Xunta de Goberno.
- f.- Provocar o retorno da auga dende a instalación do regador á rede xeral.
- g.- Non tomar as medidas que sexan oportunas para evitar perda de auga na rede privada de cada regador.
- h.- Non reparar ou non permitir a reparación dalgunha avaría nas instalacións da Comunidade.
- i.- Contaminación ou vertidos das augas.
- j.- A reincidencia en calquera das infraccións cualificadas como leves.
- k.- Exercer os cargos para os que foron elixidos con manifesta negligencia.

3.- Considéranse infraccións moi graves:

- a.- A execución sen a debida autorización de obras, traballos ou cambios nos mananciais ou na rede de distribución da auga, en contía superior a seiscientos un euros cun céntimo (601,01 €).
- b.- Causar danos nos bens da Comunidade de Regantes de Quintáns ou nos elementos das instalacións, en contía superior a seiscientos un euros cun céntimo (601,01 €).
- c.- A reincidencia en calquera das infraccións cualificadas como graves.

O consumo excesivo de auga en períodos de restrición poderá supoñer, se existe acordo expreso da Xunta de Goberno para cara período de restrición adoptado por maioría absoluta dos membros da Comunidade, e sempre que exista

posibilidade de medición individualizada, ademais da sanción correspondente o pago do exceso de auga consumida a razón dos tramos seguintes:

- Ata 5.000 litros de exceso pagarase a razón de **0'01 €** por litro.
- De 5.001 ata 10.000 a razón de **0'02 €** por litro a partir dos 5.000.
- De 10.001 en diante, pagarase a razón de **0'04 €** por litro a partir dos 10.000.

Estas cantidades serán incrementadas co IPC anual e serán ratificadas pola Asemblea Xeral para cada ano.

Artigo 40.- AS SANCIONES.

As sancións correspondentes ás infraccións contidas nos presentes Estatutos serán impostas polo Xurado, e consistirán:

- a.- Para as infraccións leves sancións pecuniarias de trinta euros con cinco céntimos (30,05 €) a sesenta euros con dez céntimos (60,10 €).
- b.- Para as infraccións graves sancións pecuniarias de sesenta euros con once céntimos (60,11 €) a cento cincuenta euros con vinte cinco céntimos (150,25 €).
- c.- Para as infraccións moi graves corresponderanlle sancións pecuniarias de cento cincuenta euros con vinte seis céntimos (150,26 €) a catrocentos euros (400 €).

A comisión de infraccións moi graves será tida en conta ós efectos de aplicación do suposto de feito contemplado no artigo 7 dos presentes Estatutos, e na súa virtude poderase perder a condición de membro da Comunidade.

Tódalas sancións poderán ser complementadas co importe das indemnizacións que no seu caso poderán ser esixidas ó infractor polos danos obxectivos e cuantificables que ocasionara á Comunidade. A contía das indemnizacións poderá ser modificada anualmente co voto favorable da maioría absoluta da Asemblea Xeral a proposta do Xurado.

Artigo 41.-PRESCRICIÓN.

As infraccións moi graves previstas nestes Estatutos prescriben ós tres (3) anos, as graves ós dous (2) anos, e as leves ós seis (6) meses.

Pola súa banda, as sancións correspondentes ás infraccións moi graves prescriben ós tres (3) anos, as das graves ós dous (2) anos, e as das leves ó ano (1).

O prazo de prescripción das infraccións comezará a contar a partires do mesmo día no que os feitos se cometeran, comezando o prazo de prescripción das sancións dende o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción.

A prescripción se interromperá nos supostos contemplados no artigo 30 da LRXSP.

Artigo 42.- PROCEDEMENTO SANCIONADOR.

A incoación do procedemento sancionador será notificado por escrito ao presunto infractor polo Presidente do Xurado.

O procedemento sancionador terá unha duración máxima entre a incoación e a notificación da súa resolución, de doce (12) meses. Transcorrido ese prazo sen recaer resolución o Xurado deberá emitir resolución declarando a caducidade do procedemento sancionador, resolución que deberá ser notificada en todo caso por escrito ó presunto infractor.

O importe das sancións deberá de ser ingresado na conta bancaria que ao efecto teña aberta a Comunidade dentro do prazo de 15 días contados a partires do seguinte a que se reciba a notificación da sanción.

Tanto o importe das sancións como o das responsabilidades a que houbese lugar, poderán ser esixidos pola vía administrativa de constrinximento con acordo da Xunta de Goberno, así como, con audiencia do afectado en todo caso, prohibir o uso do auga mentres non se satisfagan (art. 212 RDPH).

TÍTULO XI.- DA COMUNIDADE EN XERAL E REFORMA DOS ESTATUTOS.

Artigo 43.- ACORDOS.

Os acordos dos Órganos da Comunidade de Regadores serán adoptados segundo o disposto nos artigos 21 e 26 destes Estatutos.

Artigo 44.-EXECUTIVIDADE E RECURSOS.

Os acordos adoptados pola Asemblea Xeral e Xunta de Goberno no ámbito das súas competencias serán executivos, na forma e con requisitos establecidos na LPACAP, sen prexuízo da súa posible impugnación mediante a interposición de recurso de alzada ante o Organismo de conca no prazo de QUINCE (15) DÍAS contados a partir da súa notificación ó interesado. A resolución do recurso de alzada esgotará a vía administrativa, sendo en todo caso revisable pola xurisdición contencioso – administrativa. (artigos 84.5 do TRLA - artigo 227 RDPH).

Artigo 45.-AUXILIO, EXECUCIÓN SUBSIDIARIA E CONSTRINXIMENTO.

As comunidades de Regadores poderán solicitar ó Organismo de conca o auxilio necesario para o cumprimento dos seus acordos, relacionados coas funcións de administración, policía e cumprimento dos Estatutos (artigo 209.2º do RDPH).

As obrigas de facer, impostas regulamentariamente ós comuneiros, que non tiveran carácter persoalísimo, poderán ser executadas subsidiariamente no caso de incumprimento pola Comunidade, transformándose a obrigación de facer na de pagar os gastos e prexuízos correspondentes, que poderán esixirse pola vía administrativa de constrinximento (artigo 83.1ºdo TRLA).

Para a aplicación do procedemento de constrinximento, as Comunidades terán a facultade de designar os seus axentes recadadores. O seu nomeamento comunicárase ó Consellería de Economía e Facenda, quedando sometidos á autoridade da dita Consellería en todo o que faga referencia á tramitación do procedemento, se ben a providencia de constrinximento haberá de ser ditada polo Presidente da Comunidade. As Comunidades poderán solicitar do mencionada Consellería que a recadación se realice por medio dos órganos executivos da mesma.

Artigo 46.-EXPROPIACIÓN FORZOSA E UTILIDADE PÚBLICA.

As comunidades de regadores serán beneficiarias da expropiación forzosa e da imposición das servidumes que esixan os seus aproveitamentos e o cumprimento dos seus fins.

Poderán solicitar do Organismo de conca que de conformidade coas disposicións vixentes, se declaren de utilidade pública os aproveitamentos de que son titulares ou a execución singularizada de determinadas obras ou proxectos.

Obtida a declaración de utilidade pública poderán solicitar do Organismo de conca a expropiación forzosa dos bens e dereitos afectados polas obras ou proxectos declarados de utilidades pública, tramitándose os respectivos expedientes de acordo coa lexislación da expropiación forzosa (artigo 210 do RDPH).

Artigo 47.-OBRAS DA ADMINISTRACIÓN E GASTOS CONSERVACIÓN.

As comunidades virán obrigadas a realiza-las obras e instalacións que a Administración lles ordene, a fin de evita-lo mal uso da auga ou o deterioro do Dominio Público Hidráulico, podendo o Organismo de conca competente suspender a utilización da auga ata que aquelas se realicen (artigo 83.3 do TRLA).

Os gastos de limpeza, sistemas de captación e condución así como os de explotación, mellora, e conservación, serán sufragados polos beneficiarios por partes iguais.

Artigo 48.-REFORMA DOS ESTATUTOS.

A iniciativa para reformar os presentes Estatutos poderá ser tomada pola Xunta de Goberno ou ben pola cuarta parte, cando menos, dos comuneiros da comunidade, mediante a presentación do texto alternativo acompañado de solicitude de convocatoria dunha Asemblea Xeral, con ese único punto na orde do día.

O texto alternativo deberá de estar exposto ó publico na sede da Comunidade polo menos con trinta (30) días de antelación á celebración da Asemblea Xeral convocada ao efecto, debendo a Comunidade facilitar copia do dito texto a todo comuneiro que o solicite.

O Presidente explicará na Asemblea Xeral o contido texto alternativo proposto, especialmente as modificacións que o dito texto conleva respecto ós Estatutos vixentes.

A reforma aprobarase de conformidade coas maiorías establecidas no artigo 21 dos presentes Estatutos.

Artigo 49.- MOCIÓN DE CENSURA.

A Asemblea Xeral en reunión extraordinaria solicitada polo menos pola terceira parte dos votos da Comunidade, poderá aprobar por maioría absoluta dos votos, unha moción de censura contra todos ou calquera dos cargos electos da Comunidade.

Se a moción de censura resulta aprobada se procederá a convocar eleccións no prazo de un (1) mes a contar dende a aprobación da moción, debendo de permanecer os cargos revocados no exercicio das súas funcións ata a toma de posesión dos entrantes.

De non resultar aprobada, os seus signatarios non poderán presentar outra moción durante o mesmo mandato electoral.

Artigo 50.- RÉXIME ELECTORAL.

Para elixir ós cargos da Comunidade en Asemblea Xeral, o Presidente da Comunidade ordenará que se inclúa na orde do día a celebración de eleccións e os cargos a prover.

O voto será libre, individual e secreto e correspóndelle a cada un dos regadores.

As listas de electores (tódolos regadores) se exporán no taboleiro de anuncios do local social para que se poidan efectuar as rectificacións oportunas, rectificacións que serán resoltas pola Xunta de Goberno no prazo máximo de dez (10) días contados a partires da exposición pública da listas. Posteriormente publicaranse as listas definitivas, e a continuación presentaranse as candidaturas para os postos vacantes.

Se non se presentasen candidaturas, a Xunta de Goberno nomeará, por sorte entre o regadores, a formación da próxima Xunta que será ratificada pola Asemblea Xeral. Os nomeados estarán obrigados a aceptar o cargo agás causa xustificada ou forza maior, incorrendo no caso contrario na infracción tipificada no artigo 39.2 d) dos presentes Estatutos.

A votación realizarase aos 20 días da publicación das listas, cumprindo os trámites previstos na Lei Orgánica 5/1985 do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, levando a cabo posteriormente o escrutinio dos votos –que será público- e proclamando os candidatos que obtivesen maioría absoluta para os cargos. De non obter os candidatos o algún deles a maioría absoluta de votos, celebrarase na mesma Asemblea Xeral unha segunda volta entre os dous máis votados para cada cargo, sendo elixido aquel que obtivese maior número de votos.

TÍTULO XII.- DA EXTINCIÓN E LIQUIDACIÓN DA COMUNIDADE.

Artigo 51.-CAUSAS DE EXTINCIÓN.

As comunidades de regadores extinguiranse nos seguintes casos:

- a.- Por expiración ou prazo de concesión, se non foi prorrogado.
- b.- Por caducidade da concesión.
- c.- Por expropiación forzosa da concesión.
- d.- Por fusión noutra Comunidade.
- e.- Por desaparición total ou nas súas $\frac{3}{4}$ partes, cando menos, dos elementos obxectivos ou reais, agás que os comuneiros non afectados acorden manter a Comunidade coa modificación dos seus Estatutos e da inscrición no rexistro.
- f.- Por renuncia ó aproveitamento, formulada, cando menos, polas $\frac{3}{4}$ partes dos comuneiros, salvo que os que non renunciaran acorden manter a comunidade coa modificación dos Estatutos e da inscrición no rexistro.

Artigo 52.- LIQUIDACIÓN.

Unha vez aprobada a extinción da Comunidade procederá esta á liquidación dos seus bens patrimoniais con arranxo ó disposto na normativa aplicable para a liquidación das sociedades.

DISPOSICIÓN FINAL

Os presentes Estatutos, unha vez aprobados en Asemblea Xeral convocada ó efecto, entrará en vigor ó día seguinte da súa aprobación polo Organismo de Conca.

Estes Estatutos non dan á Comunidade de Regantes de Quintáns nin a ningún dos seus membros, dereito algún que non teña concedido polas Leis, nin lles privan dos que con arranxo ás mesmas lles correspondan.

Estes Estatutos interpretaranse e aplicaranse de acordo cos usos e disposicións legais vixentes, quedando sempre a salvo o seu carácter imperativo.

A facultade de interpretar estes Estatutos concédese á Xunta de Goberno, sen prexuízo da superior competencia da Asemblea Xeral. A tal fin tanto unha como a outra, poderán solicitar o asesoramento, informe ou ditame de Letrados e Técnicos que estimen conveniente, sendo de conta común os gastos que tales consultas orixinen.

ANEXO I
RELACIÓN DE REGADORES QUE COMPOÑEN A COMUNIDADE DE REGANTES DE QUINTANS

Nº	NOMBRE Y APELLIDOS	REFERENCIA CATASTRAL
1	JUAN M.VÁZQUEZ GARCIA	15066A501003970000BD
2	Mª NIEVES CASAL RODRIGUEZ	15066A501003880000BT
3	Mª ELENA GARCIA SEOANE	15066A501005740000BY
4	FERNANDO TRIGO IGLESIAS	15066A501003540000BP
5	Mª ELISA DOPAZO MÉNDEZ	8447405NH2384N0001PH
6	MANUEL SEOANE OTERO	15066A501005750000BG
7	CARMEN FONTENLA BARREIRO	8449803NH2384N0001KH
8	CAMILO FORJAN SEOANE	15066A501003940000BO
9	Mª TERESA SUEIRO TRIGO	15066A501005770000BP
10	CARMEN LÓPEZ LAMAS	15066A501004320000BI
11	MANUEL CONDE PÉREZ	8546806NH2384N0001XH
12	MANUEL CONDE PÉREZ	8546807NH2384N0001IH
13	SERAFIN MIGUEZ CRUCES	8447415NH2384N0001RH
14	MARIA LUISA CASTAÑO FABEIRO	8447427NH2384N0001HH
15	MANUEL DOPAZO GARCIA	8447420NH2384N0001XH
16	MANUEL DOPAZO GARCIA	8447419NH2384N0001JH
17	FLORINDO REGOS CALVIÑO	8546850NH2384N0001UH
18	RAQUEL GÓNZALEZ CASTRO	15066A501004000000BI
19	JOAQUIN CALVIÑO ALVES	15066A501003760000BH 15066A501010030000BQ 15066A501010040000BP
20	PATRICIA TERESA MEJUTO MORONO	8546825NH2384N0001QH
21	JOSÉ OTERO CAJARAVILLE	15066A501003930000BM
22	BENIGNA BARREIRO NOVO	15066A053002960000ZE
23	DAVID FRANCO VIDAL	8348409NH2384N0001DH
24	JOSEFINA MARTÍNEZ RODRÍGUEZ	8546827NH2384N0001LH
25	ANGEL CARRO GONZÁLEZ	15066A501005730000BB
26	JOSÉ SEOANE OTERO	8546826NH2384N0001PH
27	MANUEL RIOBOO RIAL	15066A053002810000ZP
28	ENRIQUE CAJARAVILLE CASTRO AGUDIN	15066A501003730000BS
29	ISABEL NOGUEIRA LAPIDO	15066A501003900000BL
30	JOSÉ M. SOMOZA ALVES	15066A501003750000BU
31	ROSA VÁZQUEZ SOÑORA	15066A501003800000BW

No lugar de Quintáns, parroquia de Iria Flavia, no Concello de Padrón, con data 26 de xullo de 2025.

REUNIDOS

NÚMERO	NOME E APELIDOS	CAUDAL MEDIO (litros/segundo)	SINATURA
1	JUAN M.VÁZQUEZ GARCIA	0,014097	
2	Mª NIEVES CASAL RODRIGUEZ	0,014097	
3	Mª ELENA GARCIA SEOANE	0,014097	
4	FERNANDO TRIGO IGLESIAS	0,014097	
5	Mª ELISA DOPAZO MÉNDEZ	0,014097	
6	MANUEL SEOANE OTERO	0,014097	
7	CARMEN FONTENLA BARREIRO	0,014097	
8	CAMILO FORJAN SEOANE	0,014097	
9	Mª TERESA SUEIRO TRIGO	0,014097	
10	CARMEN LÓPEZ LAMAS	0,014097	
11	MANUEL CONDE PÉREZ	0,014097	
12	MANUEL CONDE PÉREZ	0,014097	
13	SERAFIN MIGUEZ CRUCES	0,014097	
14	MARIA LUISA CASTAÑO FABEIRO	0,014097	
15	MANUEL DOPAZO GARCIA	0,014097	

16	MANUEL DOPAZO GARCIA	0,014097	
17	FLORINDO REGOS CALVIÑO	0,014097	
18	RAQUEL GÓNZALEZ CASTRO	0,014097	
19	JOAQUIN CALVIÑO ALVES	0,014097	
20	PATRICIA TERESA MEJUTO MORONO	0,014097	
21	JOSÉ OTERO CAJARAVILLE	0,014097	
22	BENIGNA BARREIRO NOVO	0,014097	
23	DAVID FRANCO VIDAL	0,014097	
24	JOSEFINA MARTÍNEZ RODRÍGUEZ	0,014097	
25	ANGEL CARRO GONZÁLEZ	0,014097	
26	JOSÉ SEOANE OTERO	0,014097	
27	MANUEL RIOBOO RIAL	0,014097	
28	ENRIQUE CAJARAVILLE CASTRO AGUDIN	0,014097	
29	ISABEL NOGUEIRA LAPIDO	0,014097	
30	JOSÉ M. SOMOZA ALVES	0,014097	
31	ROSA VÁZQUEZ SOÑORA	0,014097	

Todos eles maiores de idade, recoñécense reciprocamente a suficiente capacidade legal para outorgar este documento no que consta a constitución da COMUNIDADE DE REGANTES DE QUINTÁNS e as normas reguladoras que lle son propias.

ANEXO IV

ADDENDA: NOVO COMUNEIRO

Pola presente, faise constar a integración na Comunidade de Regantes de Quintáns de D/D^a _____, maior de idade, con DNI _____ e domicilio en _____, adquirindo a condición de comuneiro, cos dereitos e obrigas que implica, e someténdose ao establecido no Convenio que regula a Comunidade.

En _____, a _____ de _____ de _____.

D/D^a _____ D/D^a _____

INTERESADO/A

SECRETARIO/A

Visto e praxe,

D/D^a _____

PRESIDENTE